

UN GORILA

Un libro para aprender a contar

Texto e ilustracións de ANTHONY BROWNE

Tradución de SILVIA PÉREZ TATO

Encadernado en cartón. 26 x 30 cm. 32 páx. 16,50 €.

Un gorila. Un libro para aprender a contar (galego)

ISBN 978-84-8464-710-2. Tras os montes.

Un Goril · la. Un llibre per aprendre a comptar (catalán)

ISBN 978-84-15170-19-8. Kalandraka-Hipòtesi.

Gorila bat. Zenbatzeko liburua (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-713-1. Kalandraka-Pamiela.

Um Gorila. Um livro para aprender a contar (portugués)

ISBN 978-989-8205-78-0. Livros para sonhar.

Un Gorilla. Un libro per contare (italiano)

ISBN 978-88-95933-41-2. Libri per sognare.

Un gorila, dous orangutáns, tres chimpancés... e ti.

Aprende a contar mentres gozas do marabilloso mundo

dos primates con este álbum ilustrado.


Contando do un ao dez, este álbum para pre-lectores e primeiros lectores é un axeitado achegamento aos números e aos animais da categoría dos primates. Anthony Browne representa tantos individuos como corresponde correlativamente coa cifra numérica. Son debuxos realistas e detallistas, nos que destaca o uso da cor e a expresividade dos simios, que transmiten afabilidade, dozura, picardía, timidez... Nos seus rostros adivíñanse xestos e actitudes propios das persoas.

Así, a obra contén unha segunda lectura: coma outros animais, os primates teñen sentimentos. E malia que evolutivamente son os parentes máis cercanos dos humanos, a supervivencia dalgunhas especies está seriamente ameazada. O autor e ilustrador implícase directamente na difusión desta mensaxe, cun autorretrato seu ao que segue unha 'foto' antropolóxica que reflicte a diversidade de razas e culturas de todo o mundo, coma un espello no que calquera lector/a pode verse retratado/a.

"O que máis me gusta dos simios como personaxes é a súa universalidade. (...) A universalidade dos simios asegura que todos os nenos poidan identificarse con eles, no só os de certa idade, época ou raza". [Anthony Browne: "Jugar el juego de las formas", FCE, 2011]

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** os números do 1 ao 10; os primates.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** aprender a contar; números; ecoloxía; do autor e ilustrador de "No bosque", "Sacapenas", "O libro dos porcos" e "Que tal estás?".

Anthony Browne

(Sheffield, Inglaterra, 1946)

Graduado no Leeds College of Art, especializouse en deseño gráfico. O seu afán perfeccionista pola representación da figura humana provén da influencia dos seus primeiros traballos como debuxante de temas médicos nun hospital de Manchester. A súa adicación á ilustración infantil corresponde a unha etapa posterior, como deseñador de tarxetas de felicitación. O seu estilo revela un interese polos pintores surrealistas, as escenas oníricas e a introdución de elementos estráños nas ilustracións. Entre os galardóns que recibiu ao longo da súa traxectoria destacan a Medalla Kate Greenaway, o premio Kurt Maschler e a Medalla Children's Laureate 2009. Pero por riba de todos, figura o Premio Hans Christian Andersen no ano 2000 polo conxunto da súa obra. É un dos autores ingleses de máis prestixio pola súa contribución ao desenvolvemento de novas formas de ler, ver e relacionarse coa linguaxe plástica. Así o demostran títulos como "No bosque", "Sacapenas", "O libro dos porcos" ou "Que tal estás?", editados por KALANDRAKA. O seu traballo crea un universo cheo de referencias culturais e artísticas, pistas visuais e claves que valoran a intelixencia do lector para completar e interpretar o texto, independentemente da súa idade.

